

O exame consta de **4 preguntas de resposta obrigatoria, de 2,5 puntos cada unha**. A primeira sen apartados optativos e as outras tres con posibilidade de elección entre apartados.

PREGUNTA 1. SOCIEDADES NO TEMPO: REFLEXIÓN CRÍTICA DE FONTES DE INFORMACIÓN (2,5 puntos).

Vostede participa como colaborador/a na radio local cunha sección relacionada coa participación das mulleres ao longo da Historia. Para documentarse utiliza diversas ferramentas dixitais, que despois contrasta entre si. Para preparar o episodio dedicado ao **papel da muller na Idade Moderna**, revisa o seguinte fragmento para detectar, explicar e rectificar posibles erros.

TEXTO PARA REVISAR:

Durante o Antigo Réxime as mulleres vivían sometidas aos principios da sociedade patriarcal, polo que asumían as tarefas domésticas e os coidados familiares, mentres estaban subordinadas a un varón. No caso das nobres, estas responsabilidades incluían o traballo con tecidos, o que activou a industria téxtil do momento. As mulleres recibían unha educación menos coidada que a dos varóns. Tratábase dunha formación conveniente para o desenvolvemento das tarefas domésticas, así como distraccións axeitadas para as mulleres da nobreza, como a música ou a poesía. Debido á importancia do catolicismo, as mulleres debían saber ler e así coñecer as oracións e principios básicos da fe, o que permitía a todas elas, privilexiadas e non privilexiadas, desenvolver o rol de boa esposa e nai.

Responda estes tres apartados:

- 1.1. Identifique as informacións erróneas (0,5 puntos).**
- 1.2. Explique o erros detectados (1,5 puntos).**
- 1.3. Proceda á súa redacción correcta (0,5 puntos).**

PREGUNTA 2. O CAMIÑO CARA A CONTEMPORANEIDADE. DAS REVOLUCIÓNS LIBERAIS AO TARDOFRANQUISMO. ANÁLISE COMPARATIVA (2,5 puntos).

Vostede participa na elaboración dun xogo de mesa de temática histórica que pretende relacionar as diferenzas e semellanzas nos acontecementos do pasado. Para iso, necesita coñecer con precisión eses procesos e elaborar comparacións razoadas e ben argumentadas. En concreto, decide comezar cos seguintes:

Responda un destes dous apartados:

- 2.1. Compare as características do Sexenio Absolutista e o Trienio Liberal durante o reinado de Fernando VII (2,5 puntos).**
- 2.2. Compare as características ideolóxicas e apoios dos bandos Republicano e Sublevado durante a Guerra Civil (2,5 puntos).**

PREGUNTA 3. O CAMIÑO CARA A CONTEMPORANEIDADE. DAS REVOLUCIÓNS LIBERAIS AO TARDOFRANQUISMO. COMENTARIO DE TEXTO HISTÓRICO (2,5 puntos).

Atendendo aos seguintes criterios:

- Identificación do tema **(0,5 puntos)**.
- Contextualización do documento **(0,5 puntos)**.
- Comentario do proceso histórico/tema que se reflicte no documento **(1,5 puntos)**.

Responda un destes dous apartados:

3.1. Doc.1. O sistema electoral segundo Valentí Almirall (1889):

«En España as eleccións non son máis que unha farsa. O mesmo si o sufraxio é universal que restrinxido, nunca hai máis que un só e único elector: o ministro da Gobernación. (...) Este sistema de eleccións por medio da resurrección dos mortos non é, porén, o peor dos medios empregados, e o que fan é sinxelamente aumentar o número de votos emitidos ata ter asegurada a elección do candidato. (...) Ao partido liberal débese, sen lugar a dúbida, a creación do Partido da Porra, que salpicou de sangue as rúas de moitas cidades que se atreveron a opoñer resistencia á vontade dos que dirixían as eleccións. (...) O ministro da Gobernación é quen fai os deputados ministeriais; mais, como un Goberno non pode vivir sen oposición, el é tamén quen designa os candidatos da oposición que deben saír (...)» **(2,5 puntos).**

3.2. Doc.2. Normas para a escola primaria (1939):

«O oprobio dunha escola laica terminou. Para formar españois fondos, crentes e patriotas austeros España resurxe gloriosa, polo esforzo decidido e xigante dos seus fillos, dos que morreron alegremente por ela (...) A escola ten que recoller o ambiente heroico das xuventudes guiadas polo Caudillo á Victoria (...).
Primeira. A reposición do Santo Crucifixo marca a apertura do curso, que será rápida e inmediata.
Segunda. Ademais do retrato do Caudillo, haberá no salón de clase unha imaxe da Virxe (...)
Sexta. A cerimonia de colocar a Bandeira antes de empezar as clases e arrialas ao terminar, mentres se entona o Himno Nacional, é obrigatoria para todas as Escolas...
Sétima. Co fin de cumprir o precepto de oír misa os domingos, asistindo os nenos cos seus mestres ao fronte, acudirán á igrexa» **(2,5 puntos).**

PREGUNTA 4. O MODELO DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO ESPAÑOL. RETOS DO MUNDO ACTUAL. COMENTARIO DE TÁBOAS DE DATOS (2,5 puntos).

Atendendo aos seguintes criterios:

- Análise dos datos da táboa **(1 punto).**
- Explicación do contido **(1,5 puntos).**

Responda un destes dous apartados:

4.1. Producción de ferro coado en España, 1861-1900, en millares de toneladas **(2,5 puntos).**

ANOS	Málaga	Sevilla	Oviedo	Biscaia	Outros	TOTAL
1861-65	12,43	2,22	13,17	11,73	6,10	45,65
1866-70	1,91	1,36	19,24	10,73	9,32	42,56
1871-75	3,08	1,38	24,90	8,72	7,45	45,53
1876-80	3,36	1,43	28,84	17,24	11,70	62,57
1881-85	1,51	1,38	40,08	76,71	11,91	131,59
1886-90			33,18	138,97	2,07	174,22
1891-95			44,30	¿		185,49
1896-1900			52,10	227,69	9,45	289,24

4.2. Distribución da poboación activa masculina por sectores, en porcentaxes **(2,5 puntos).**

Ano	Primario	Secundario	Terciario
1950	47,6	26,5	25,9
1960	36,6	30,2	33,2
1970	22,8	38,4	38,8
1980	13,9	37,2	48,9

El examen consta de **4 preguntas de respuesta obligatoria, de 2,5 puntos cada una**. La primera sin apartados optativos; las otras tres con posibilidad de elección entre apartados.

PREGUNTA 1. SOCIEDADES EN EL TIEMPO: REFLEXIÓN CRÍTICA DE FUENTES DE INFORMACIÓN (2,5 puntos).

Usted participa como colaborador/a en la radio local con una sección relacionada con la participación de las mujeres a lo largo de la Historia. Para documentarse utiliza diversas herramientas digitales, que después contrasta entre sí. Para preparar el episodio dedicado al **papel de la mujer en la Edad Moderna**, revisa el siguiente fragmento para detectar, explicar y rectificar posibles errores.

TEXTO A REVISAR:

Durante el Antiguo Régimen las mujeres vivían sometidas a los principios de la sociedad patriarcal, por lo que asumían las tareas domésticas y los cuidados familiares, mientras estaban subordinadas a un varón. En el caso de las nobles, estas responsabilidades incluían el trabajo con tejidos, lo que activó la industria textil del momento. Las mujeres recibían una educación menos cuidada que la de los varones. Se trataba de una formación conveniente para el desarrollo de las tareas domésticas, así como distracciones adecuadas para las mujeres de la nobleza, como la música o la poesía. Debido a la importancia del catolicismo, las mujeres debían saber leer y así conocer las oraciones y principios básicos de la fe, lo que permitía a todas ellas, privilegiadas y no privilegiadas, desarrollar el rol de buena esposa y madre.

Responda estos tres apartados:

- 1.1. Identifique las informaciones erróneas (0,5 puntos).**
- 1.2. Explique los errores detectados (1,5 puntos).**
- 1.3. Proceda a su redacción correcta (0,5 puntos).**

PREGUNTA 2. EL CAMINO HACIA LA CONTEMPORANEIDAD. DE LAS REVOLUCIONES LIBERALES AL TARDOFRANQUISMO. ANÁLISIS COMPARATIVO (2,5 puntos).

Usted participa en la elaboración de un juego de mesa de temática histórica que pretende relacionar las diferencias y semejanzas en los acontecimientos del pasado. Para ello, necesita conocer con precisión esos procesos y elaborar comparaciones razonadas y bien argumentadas. En concreto, decide comenzar con los siguientes:

Responda uno de estos dos apartados:

- 2.1. Compare las características del Sexenio Absolutista y el Trienio Liberal durante el reinado de Fernando VII (2,5 puntos).**
- 2.2. Compare las características ideológicas y apoyos de los bandos Republicano y Sublevado durante la Guerra Civil (2,5 puntos).**

PREGUNTA 3. EL CAMINO HACIA LA CONTEMPORANEIDAD. DE LAS REVOLUCIONES LIBERALES AL TARDOFRANQUISMO. COMENTARIO DE TEXTO HISTÓRICO (2,5 puntos).

Atendiendo a:

- Identificación del tema **(0,5 puntos)**.
- Contextualización del documento **(0,5 puntos)**.
- Comentario del proceso histórico/tema reflejado en el documento **(1,5 puntos)**.

Responda uno de estos dos apartados:

3.1. Doc.1. El sistema electoral según Valentí Almirall (1889):

«En España las elecciones no son más que una farsa. Lo mismo si el sufragio es universal que restringido, nunca hay más que un solo y único elector: el ministro de la Gobernación. (...) Este sistema de elecciones por medio de la resurrección de los muertos no es, sin embargo, el peor de los medios empleados, y lo que hacen es sencillamente aumentar el número de votos emitidos hasta tener asegurada la elección del candidato. (...) Al partido liberal se debe, sin lugar a duda, la creación de la Partida de la Porra, que salpicó de sangre las calles de muchas ciudades que se atrevieron a oponer resistencia a la voluntad de los que dirigían las elecciones. (...) El ministro de la Gobernación es quien hace los diputados ministeriales; más, como un Gobierno no puede vivir sin oposición, él es también quien designa los candidatos de la oposición que han de salir (...)» **(2,5 puntos).**

3.2. Doc.2. Normas para la escuela primaria (1939):

«El oprobio de una escuela laica ha terminado. Para formar españoles hondos, creyentes y patriotas austeros España resurge gloriosa, por el esfuerzo decidido y gigante de sus hijos, de los que murieron alegremente por ella (...) La escuela tiene que recoger el ambiente heroico de las juventudes guiadas por el Caudillo a la Victoria (...).

Primera. La reposición del Santo Crucifijo marca la apertura del curso, que será rápida e inmediata.

Segunda. Además del retrato del Caudillo, habrá en el salón de clase una imagen de la Virgen (...)

Sexta. La ceremonia de colocar la Bandera antes de empezar las clases y arriarla al terminar, mientras se entona el Himno Nacional, es obligatoria para todas las Escuelas...

Séptima. Con el fin de cumplir el precepto de oír misa los domingos, asistiendo los niños con sus maestros al frente, acudirán a la iglesia» **(2,5 puntos).**

PREGUNTA 4. EL MODELO DE DESARROLLO ECONÓMICO ESPAÑOL. RETOS DEL MUNDO ACTUAL. COMENTARIO DE TABLAS DE DATOS (2,5 puntos).

Atendiendo a:

- Análisis de los datos de la tabla **(1 punto).**
- Explicación del contenido **(1,5 puntos).**

Responda uno de estos dos apartados:

4.1. Producción de hierro colado en España, 1861-1900, en millares de toneladas **(2,5 puntos).**

AÑOS	Málaga	Sevilla	Oviedo	Vizcaya	Otros	TOTAL
1861-65	12,43	2,22	13,17	11,73	6,10	45,65
1866-70	1,91	1,36	19,24	10,73	9,32	42,56
1871-75	3,08	1,38	24,90	8,72	7,45	45,53
1876-80	3,36	1,43	28,84	17,24	11,70	62,57
1881-85	1,51	1,38	40,08	76,71	11,91	131,59
1886-90			33,18	138,97	2,07	174,22
1891-95			44,30	¿		185,49
1896-1900			52,10	227,69	9,45	289,24

4.2. Distribución de la población activa masculina por sectores, en porcentajes **(2,5 puntos).**

Año	Primario	Secundario	Terciario
1950	47,6	26,5	25,9
1960	36,6	30,2	33,2
1970	22,8	38,4	38,8
1980	13,9	37,2	48,9